



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
OURENSE PARA A REALIZACIÓN DA EXPOSICIÓN TEMPORAL "IN TEMPORE
SUEBORUM. EL TIEMPO DE LOS SUEVOS EN LA GALLAECIA. EL PRIMER REINO
MEDIEVAL DE OCCIDENTE (441-585 A.C.)**

En Santiago de Compostela, **14 NOV. 2017**

REÚNENSE:

Dunha parte, Román Rodríguez González, actuando en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o que foi nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro de 2016, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación Provincial de Ourense con CIF P-3200000-B, que actúa en nome e representación da entidade local, de acordo co disposto no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local.

Ambalas partes teñen plena capacidade para levaren adiante este convenio e,

MANIFESTAN:

Que as dúas entidades son conscientes da importancia da actividade cultural que desenvolve a Deputación Provincial de Ourense como administración territorial máis próxima ao cidadán, para satisfacer as necesidades que en materia cultural teñen os habitantes desa zona.



Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito de competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura e para achegar o máis posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega. Mediante a programación das actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Neste caso trátase da exposición temporal "In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia. El primeiro reino medieval de Occidente (411-585 A.D.). A exposición que organiza a Deputación de Ourense terá lugar en tres espazos expositivos da cidade: o Centro Cultural Marcos Valcárcel, o Museo Municipal de Ourense e a Igrexa de Santa María Madre.

É a primeira gran exposición sobre o reino suevo que traerá a Ourense unhas 200 pezas vinculadas a este importante período da historia de Galicia, cando se asentaron no territorio un continxente de orixe xermánica que constituíu un reino sobre as estruturas administrativas romanas.

O obxectivo desta exposición é mostrar o que se coñece dos suevos, a súa pegada nas tradicións culturais e as transformacións que conduciron á configuración de novas entidades socio-políticas que son o xerme do actual mapa xeopolítico europeo.

A exposición centrarase esencialmente no período que se estende ao longo dos séculos V e VI D.C. As pezas que se presentarán nos tres espazos expositivos, arredor



de 200, a maior parte procederán de coleccións pertencentes a museos galegos (Museo Arqueolóxico Provincial de Lugo, Museo Diocesano de Vigo, Museo Arqueolóxico Provincial de A Coruña, Museo Quiñones de León de Vigo, Museo de Pontevedra, Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e Museo Catedralicio de Santiago de Compostela); unha parte significativa dos obxectos a expor procederán doutros museos españois e portugueses (Museo Nacional de Arte Romano en Mérida, Museo Arqueolóxico Nacional de Madrid, Museo Arqueolóxico Provincial de Zamora, Museo de León, Museo Diego de Sousa en Braga, Museo Pío XII de Braga, Casa do Infante de Oporto, Museo Monográfico de Coimbra, Museo Arqueolóxico Nacional de Lisboa, etc) e algunhas pezas singulares de gran valor histórico-arqueolóxico serán traídas doutros museos e coleccións europeos (Museo Nacional de Hungría, Museo Nacional de Rumanía, Biblioteca Nacional de Francia, Museo de Historia del Arte de Viena, Museos Regional de Baden-Württemberg y Museo Romano-Germánico de Maguncia en Alemania, Museo Nacional de Dinamarca, Museo Real de Belas Artes de Bélxica, etc) así como dúas pezas extraordinarias e únicas que procederán do Museo del Hermitage (San Petersburgo, Rusia) e da Dumbarton Oaks Collections (Washington, USA).

Trátase da primeira exposición que se realiza sobre esta temática e na que moitos dos obxectos que serán presentados aparecerán xuntos neste contexto por primeira vez, o que a converte nunha exposición única na nosa Comunidade Autónoma.

Farase un énfase particular nos obxectos correspondentes á Antigüidade Tardía en Gallaecia.

Os contidos da exposición estarán estruturados en tres bloques.

- Bloque I. *¿Invasiones o Grandes Migraciones? Deconstruyendo tópicos*. Este bloque estará exposto no centro cultural Marcos Valcárcel.
- Bloque II: *El Regnum Suevorum y la Gallaecia Tardo-Antigua*. Este bloque estará no Museo Municipal de Ourense.

- Bloque III. *Élites, Cristinización y territorio*. Estará exposto na Igrexa de Santa María Madre.

Por todo isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle a Deputación de Ourense a cantidade de 70.000 € €, como contribución para a realización da exposición temporal “In Tempore Sueborum. El tiempo de los suevos en la Gallaecia. El primer reino medieval de Occidente (411-585 A.C.).

A cantidade de 70.000 € financiarase, con fondos propios, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.1, dos orzamentos da comunidade autónoma galega para 2017, código de proxecto 2015 00370.



Os suevos nunca foron obxecto dunha exposición monográfica sobre o reino que crearon durante practicamente dous séculos na Gallaecia. Trátase da primeira exposición que se realiza sobre esta temática e na que moitos dos obxectos que serán presentados aparecerán xuntos neste contexto por primeira vez, o que a converte nunha exposición única na nosa Comunidade Autónoma.



De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actividade, por tratarse dun acontecemento único en Galicia xa que é a primeira e única exposición que se realizará sobre esta temática tan arraigada a Galicia; esta exposición é unha continuación do Congreso Internacional que se celebrou en Ourense en conmemoración do 1700 aniversario do nacemento de S. Martín de Tours, Patrón de Ourense. S. Martín de Tours foi unha figura con gran influencia na configuración social, política, relixiosa e territorial da Gallaecia de época



sueva, un período seminal e crucial na Historia de Ourense. Dando continuidade aos proxectos vinculados á historia da provincia e da Gallaecia a Deputación de Ourense organiza unha gran exposición sobre o reino suevo

Por todo o anterior, a Deputación de Ourense é a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo estas actividades con estas especiais características, as únicas que se van a desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Secretaría Xeral de Cultura, para o ano 2017, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Segunda. Obrigas do beneficiario

A Deputación de Ourense comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Os beneficiarios deberán dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.





O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Segundo o establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, é necesario que a Deputación de Ourense cumpra co deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

A Deputación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

O beneficiario comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.



Terceira. Financiamento

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a aboar á Deputación de Ourense a cantidade de 70.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.760.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, código de proxecto 2015 00370.


Esta cantidade, 70.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

En aplicación do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, pola que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar pagos anticipados, que suporán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, ata un importe máximo de 56.000,00 €. O pagamento restante, 14.000 €, pagarase no momento da completa xustificación pola deputación do cumprimento da finalidade e demais condicións establecidas no convenio.

A Deputación tamén poderá solicitar pagos á conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos á conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80%, ou sexa 56.000 €.

O artigo 65.1 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando estea prevista a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; non obstante, segundo o apartado 4 do





devandito artigo, exonera de constitución de garantía, entre outros , as administracións públicas.

No caso de que a Deputación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

Cuarta.- Xustificación dos gastos.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007 e de acordo co previsto no Decreto 193/2011, polo que se regulan especialidades en subvencións ás entidades locais galegas . A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2017.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Deputación presentará electronicamente a conta xustificativa da subvención, coa data límite de 20 de decembro de 2017 e incluírá a seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Secretaría da entidade local co visto e prace do presidente, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na que se faga constar de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención
- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguintes relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.



- Facturas expedidas polas empresas adxudicatarias dos traballos relacionados co obxecto deste convenio achegando xunto coas mesmas o comprobante de pago efectuado e certificacións ou calquera outro documento con validez xurídica que permita a acreditación do cumprimento da finalidade da subvención.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiarán a actividade subvencionada con indicación do importe e o seu orixe.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No caso de que a entidade concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto do convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2017, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Deputación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das



subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

Quinta: Comisión mixta de seguimento.-

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e polo presidente da Deputación de Ourense.

Sexta: Causas de resolución

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sétima.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de



Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Oitava. Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestión litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

Novena.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2017, sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as realizadas a partires do 1 de xaneiro de 2017.

Décima.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as



entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O conselleiro de Cultura,
Educación e Ordenación
Universitaria



Román Rodríguez González

O presidente da Deputación de
Ourense



José Manuel Baltar Blanco